



Nemeño - Ponteceso, 1980-03

Informante: "Cousillas" (87) e Francisco (73)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Isabel Vigo

Francisco:

150c

Couto, Anllóns e Tella
Xornes, Tallo, Pazos, Buño,
Leiloio, Cánduas e Querqueda.

E constestoulle outra:

Aínda che quedou atrás
o lughar de Rebordáns
A Traba, Oca e Xaviña
e o lughar de Rebordáns.

"Cousillas":

151

Cores e Bardaio
e Riotorto, a Aurada,
Figheiroa, Limiñoa
o Castro e mái-la Campara.

Sänta Crus e Miraflores
aí van os trece lughares
que tén a parroquia de Cores.

Francisco:

41

O teu arado Jasús
non serve pa labrador
ben se ve que Mercedes
que encontrou outro mellor.

"Cousillas":

Esa era un que cortejaba cunha moza e despois cambiou de mozo.

Francisco:

No, no. Ese foi para o servico e era medio burro pero era de Beiramar. E entonces, anduvo cunha moza e ela despois quedou en estado dun rapaz. Era unha moza e quedou dun rapaz. E despois... eran as cántighas esas que lle botaban que dixen aghora.

Díxolle unha moza a un mozo. Un mozo que el anduvo toda a vida cunha moza e ela caiu en estado doutro.

Túa vida pasada
o picadeiro de respodirme
que deso que non sabrá nada.

ID#577



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Cando vin vir Pandeireta
polo campo da Campara
xa lle dixen ós veciños
hoxe temos fuliada.

Era un cantador dunha regheifa.

Díxolle Camurzas:

“¿Esa burra de Martines
a que raio ven aquí?”

“Xa a trougieron adrede
pra que te enseñase a ti.”